



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO A abril – xuño 2015

15 de abril: entregamos...



El libro de arena, de Jorge Luis Borges

Trece relatos curtos e un epílogo dun estilo llano, case oral, e dun argumento imposible. Contos que nos sitúan nunha dimensión onírica onde non está clara a barreira entre a realidade e o soño e onde as paradoxas temporais, as reflexións sobre o infinito e unha visión particular de certos feitos históricos, entre outros temas, revélannos o universo inimitable do Nobel argentino.

Comentario: 29 de abril

29 de abril: entregamos...

Día do Libro



Diarios, de Syra Alonso

Syra Alonso escribe as súas memorias cando o golpe militar de 1936 mata ao seu compañeiro Francisco Miguel, o pintor que tanto a retratara e co que compartira unha axitada vida en París, México ou Cuba. A parella viviu en Oleiros dende 1935 nunha fermosa casa en Santa Cruz á que alcumaron "Casa da felicidade" ou "Casa da dicha".

Comentario: 13 de maio

13 de maio: entregamos...

Día das Letras Galegas




Las baladas del ajo, de Mo Yan

Traxedia rural ambientada nunha aldea chinesa a finais dos anos oitenta do século pasado. Os ventos da modernidade empezan a soprar nas cidades pero aínda certos usos e costumes perduran nun campesinado que se ve obrigado a producir en masa unha colleita de allo baixo a promesa da súa compra a bo prezo por parte da administración. Mo Yan foi Premio Nobel de Literatura en 2012.

Comentario: 27 de maio

27 de maio: entregamos...



Cometas en el cielo, de Khaled Hosseini

Conmovedora historia de dous pais e dous nenos, da súa amizade e de cómo a oportunidade pode converterse en fito inesperado do noso destino. Co pano de fondo da vida que se desenvolve en Kabul, no inverno de 1975, con total intensidade, forza e cor dunha cidade confiada no seu futuro...

Comentario: 10 de xuño (remate da tempada)